



## BAIXA DEFINITIVA

### VEHÍCULOS TURISMOS E ASIMILADOS, FURGÓNS E FURGONETAS ATA 3,5 T E VEHÍCULOS DE 3 RODAS CON CILINDRADA SUPERIOR A 50 CC

**OBRIGATORIAMENTE** presentaranse e tramitaranse as baixas no CAT (centro autorizado de tratamento). Pódese consultar a relación de centros en [www.dgt.es](http://www.dgt.es).

- **Solicitud** no impreso oficial proporcionado polo CAT.
- **Identificación do interesado:**
  - Persoas físicas: documento oficial que acredite a identidade e o domicilio da persoa titular (DNI, permiso de conducción español, tarxeta de residencia, pasaporte máis número de identificación de estranxeiros).
  - Persoas xurídicas: tarxeta de identificación fiscal da sociedade e acreditar a representación e a identidade da persoa que asine (*modelo dispoñible en [www.dgt.es](http://www.dgt.es)*).
  - Menores ou incapacitados: datos e sinatura do pai, nai ou titor, o seu DNI e o documento que acredite o concepto polo que actúan.
- **Documentación do vehículo:** permiso de circulación e tarxeta da ITV ou declaración de extravío ou denuncia de subtracción destes documentos.
- A existencia dun **precinto** é un impedimento para tramitar a baixa, é preciso cancelalo previamente.

O CAT encargarse de destruír o vehículo e de anotar a baixa electronicamente no Rexistro de Vehículos da DXT.

### RESTO DE VEHÍCULOS (*ciclomotores, motocicletas, vehículos pesados, vehículos especiais etc.*)

**IMPORTANTE:** Antes de presentar en calquera xefatura un trámite, deberá solicitar cita previa

**VOLUNTARIAMENTE**, poderanse presentar as solicitudes de baixa **no CAT** (a tramitación faise do mesmo xeito ca no suposto anterior) ou na **xefatura de Tráfico**, para o que se acompañará a documentación relacionada. (Non se admite o pagamento en metálico).

En ambos os casos a baixa non suporá taxa sempre que se achegue o **certificado de tratamento ambiental** ou o vehículo teña unha antigüidade de 15 ou máis anos dende a súa matriculación en España. En caso contrario, aboarase a taxa de 8,30 €.

Os **vehículos agrícolas deberán achegar** o documento acreditativo da baixa no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola da comunidade autónoma.

#### NOTA:

Se non presenta o trámite a persoa adquirente, será necesario acompañar unha autorización asinada por esta, xunto co seu DNI orixinal, na que se faga constar a gratuidade (*modelo dispoñible en [www.dgt.es](http://www.dgt.es)*).

En caso de ausencia de acreditación fidedigna dalgún dos datos arriba requiridos, poderá solicitarse documentación adicional.

Actualizada 27/04/2016